

## A CONFERENCIA DE BERLIN

No nome de Deus Todopoderoso.

A súa Maxestade Emperador de Alemaña, Rei de Prusia; a S.M. o Emperador de Austria, Rei de Hungría; a S.M. o Rei dos Belgas; a S.M. o Rei de Dinamarca; a S.M. o Rei de España; o Presidente dos EEUU de América; o Presidente da República Francesa; a S.M. a Raíña do Reino Unido da Gran Bretaña e Irlanda, Emperatriz das Indias; a S.M. o Rei de Italia; a S.M. o Rei dos Países Baixos; a S.M. o Rei de Portugal; a S.M. o Emperador de todas as Rusias; a S.M. o Rei de Suecia e de Noruega; a S.M. o Emperador dos Otomanos:

Desexando establecer de común acordo as condicións máis favorables ó desenvolvemento do comercio e da civilización en certas rexións de África, e asegurar a todos os pobos as ventaxas de la libre navegación polos dous principais ríos africanos que desembocan no Océano Atlántico; desexando ademáis evitar as desavenencias e disputas que en adiante poideran xurdir a causa de novas tomas de posesión de territorios nas costas de África, e preocupados por aumentar o benestar moral e material das poboacións indíxenas, resolveron, previa invitación cursada polo Goberno imperial de Alemaña, dacordo co Goberno da República Francesa, reunir a tal efecto unha conferencia en Berlín, e nomearon os seus plenipotenciarios (...).

Os cales, provistos de plenos poderes, que se hallaron en boa e debida forma, discutiron e adoptaron sucesivamente:

1º Unha Declaración relativa á liberdade de comercio na conca do Congo, as súas desembocaduras e países circunveciños, con certas disposicións concernientes a ela.

2º Unha declaración concerniente á trata de escravos e ás operacións que por terra ou por mar proporcionan escravos para a trata.

3º Unha Declaración relativa á neutralidade dos territorios comprendidos na conca convencional do Congo.

4º Un Acta de Navegación do Congo que, tendo en conta as circunstancias locais, extenda a aquel río, aos seus afluentes e ás augas que se lles asimilan (...), a libre navegación das vías de augas que separan ou atravesan varios Estados (...).

5º Un Acta de Navegación do Níxer (...).

6º Unha Declaración que establece regras uniformes nas relacións internacionais, respecto ás ocupacións que en adiante se poidan verificar nas costas do continente africano.

Artlgo 34. Toda potencia que no sucesivo tome posesión dun territorio situado na costa do continente africano, pero fora das súas posesións actuais, ou que non poseendo ningún ata entón, chegase a adquirilo, así como toda potencia que se faga cargo naquela dun protectorado, acompañará a Acta respectiva dunha notificación dirixida ás restantes potencias firmantes da presente Acta, con obxeto de poñelas en condicións de fai valer as súas reclamacións, se houberse lugar a elas.

Artigo 35. As potencias firmantes da presente Acta recoñecen a obriga de asegurar, nos territorios ocupados por elas na costa do continente africano, a existencia dunha autoridade suficiente para facer respectar os dereitos adquiridos e, chegado o caso, a liberdade de comercio e de tránsito nas condicións en que fose estipulada."